



Ref.- AE/pnr

Expte.- 540/19

INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O PROXECTO DE ORDE POLA QUE, AO ABEIRO DO ESTABLECIDO NO ARTIGO 16.3. DA LEI ORGÁNICA 2/2010, DO 3 DE MARZO, DE SAÚDE SEXUAL E REPRODUTIVA E DA INTERRUPCIÓN VOLUNTARIA DO EMBARAZO, PROCÉDESE AO ESTABLECIMENTO DE DOUS COMITÉS CLÍNICOS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E REGÚLASE A SÚA COMPOSICIÓN, CONSTITUCIÓN, RÉXIME DE FUNCIONAMENTO E COORDINACIÓN

Visto o “Proxecto de ORDE do... de... de 2019 pola que, ao abeiro do establecido no artigo 16.3. da Lei Orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, procédese ao establecemento de dous Comités Clínicos na Comunidade Autónoma de Galicia e regúlase a súa composición, constitución, réxime de funcionamento e coordinación”, en cumprimento do disposto no artigo 7.1 do Decreto 111/1984, do 25 de maio (modificado polo Decreto 57/1994, do 25 de marzo), polo que se aproba o regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia, así como de acordo co establecido no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, esta Secretaría Xeral Técnica emite o seguinte

INFORME

I. FUNDAMENTACIÓN LEGAL

No artigo 15 da Lei Orgánica 2/2010, do 3 do marzo, relativo á “Interrupción por causas médicas” establécese que:

“Excepcionalmente, poderá interromperse o embarazo por causas médicas cando concorra algunha das circunstancias seguintes:

(...)

c) Cando se detecten anomalías fetais incompatibles coa vida e así conste nun ditame emitido con anterioridade por un médico ou médica especialista, distinto do que practique a intervención, ou cando se detecte no feto unha enfermidade extremadamente grave e incurable no momento do diagnóstico e así o confirme un comité clínico.”

O artigo 16 da dita Lei, relativo ao “Comité clínico” determina, no seu primeiro apartado, que o Comité clínico estará formado por un equipo pluridisciplinar integrado por dous médicos especialistas en xinecoloxía e obstetricia ou expertos en diagnóstico prenatal e un pediatra, así como que a muller poderá elixir un destes especialistas.



As especificidades de funcionamento dese comité clínico defínense regulamentariamente mediante o Real Decreto 825/2010, do 25 de xuño, de desenvolvemento parcial da dita Lei orgánica, o cal no seu Capítulo I define a súa natureza, a súa composición, o carácter da súa actuación e regula o seu réxime de funcionamento e o procedemento necesario para a emisión de o seu ditame. Así mesmo, tamén lle resulta de aplicación a Orde do 16 de marzo de 2015 pola que se procede a designar os membros do Comité Clínico a que se refiren os artigos 15 e 16 da Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, e se regulan determinados aspectos sobre a súa constitución e funcionamento, publicada no Diario Oficial de Galicia, nº. 61, do 31 de marzo de 2015.

De acordo co establecido no artigo 16.3 da Lei Orgánica 2/2010, do 3 de marzo, en cada comunidade autónoma haberá, polo menos, un comité clínico nun centro da rede sanitaria pública, cuxos membros titulares e suplentes serán designados, pola autoridade competente, por un período non inferior a un ano.

Así mesmo, o Real decreto 825/2010, do 25 de xuño, de desenvolvemento parcial da Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, prevé no seu artigo 2.2. que *“Existirá, polo menos, na rede sanitaria pública, un comité clínico en cada Comunidade Autónoma. Poderán existir, ademais, outros comités noutros centros da devandita rede sanitaria, a decisión da Comunidade en base a criterios relacionados coa poboación, o número de especialistas que exercen no seu ámbito territorial, a óptima calidade asistencial das intervencións ou outros criterios similares”*.

Na Comunidade Autónoma de Galicia o primeiro comité clínico que se constituíu foi designado mediante a Orde do 2 de xullo de 2010, publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG) do 5 de xullo de 2010. Esta orde, a súa vez, foi derogada pola Orde do 12 de marzo de 2012, publicada no DOG do 26 de marzo de 2012, que foi modificada pola Orde do 4 de xaneiro de 2013, publicada no DOG do 15 de xaneiro de 2013. Posteriormente, aprobouse á Orde do 16 de marzo de 2015 pola que se procede a designar os membros do Comité Clínico a que se refiren os artigos 15 e 16 da Lei Orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, e se regulan determinados aspectos sobre a súa constitución e funcionamento, publicada no DOG do 31 de marzo de 2015. Xa no ano 2017, aprobouse a Orde do 27 de novembro de 2017 pola que se procedeu á renovación da composición do comité clínico e que foi publicada, á súa vez, no DOG do 7 de decembro de 2017.

A entrada en vigor da nova orde, suporá a derogación das ordes do 16 de marzo de 2015 e do 27 de novembro de 2017, anteriormente citadas.

II. RAZÓN DE SER E UTILIDADE DO PROXECTO

A actividade dos membros do único comité clínico de IVE creado ate o de agora na Comunidade Autónoma de Galicia, está sendo prestada na actualidade no Servizo Galego de Saúde por un equipo multidisciplinar integrado por persoas cuxos perfís profesionais se axustan ao requirido no artigo 16.1. da Lei Orgánica 2/2010, do 3 de marzo. A entrada en vigor da nova Orde non varía a





prestación destes Servizos, polo que non representa incremento económico para o Servizo Galego de Saúde, toda vez que se limita á renovación de parte das persoas que integran o Comité.

Ao longo destes anos de funcionamento do devandito comité clínico púidose constatar o incremento da carga de traballo asumido polo comité, o cal debe pronunciarse sobre supostos que, en xeral, son complexos e, respecto dos cales o comité ten que emitir o seu ditame nun período relativamente curto de tempo.

Coa finalidade de dar un servizo de mellor calidade en relación ao cumprimento das funcións que lle son propias a este tipo de comités, ao abeiro do establecido no artigo 16.3 e 4 da Lei Orgánica 2/2010, do 3 de marzo e do artigo 2.2. do Real decreto 825/2010, do 25 de xuño, os responsables da dirección xeral da Consellería de Sanidade con competencias en materia de asistencia sanitaria, consideraron necesario dispor de dous comités clínicos.

Así mesmo, co obxecto de dispoñer dun réxime xurídico homoxéneo e común, considérase oportuno recoller nunha única norma a composición, constitución, réxime de funcionamento e coordinación de ámbolos dous comités, de modo se axusten a un marco xurídico e temporal común. Deste xeito, a través desta orde, por unha banda, procédese a nomear de novo ás persoas titulares e suplentes que integraban o comité clínico existente ate o de agora na Comunidade Autónoma de Galicia, e por outra, noméanse ás persoas titulares e suplentes do novo comité.

A designación dos membros dos comités non suporá custo algún para a administración por non teren os seus membros dereito a beneficios económicos engadidos pola súa participación neste comité.

Nesta orde, ao igual que xa se prevía na Orde do 16 de marzo de 2015 para o único comité clínico existente ata o de agora en Galicia, ademais de nomear os membros titulares de cada comité, procédese á designación dun número amplo de membros suplentes. Tamén se prevé que os comités, aínda que teña transcorrido o prazo de tempo para o cal foron designados, continúen a exercer as súas funcións ata que se designe e publique a constitución dos novos comités. Así mesmo, posibilitase que para o seu funcionamento se poidan empregar medios electrónicos e telemáticos. Todo elo, coa finalidade de garantir o cumprimento dos dereitos derivados da aplicación do artigo 15.c) da Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo.

Cómpre destacar que, aos efectos de garantir unha mellor xestión dos recursos existentes e de optimizar o funcionamento dos dous comités clínicos, na orde regúlanse tamén determinados aspectos sobre a coordinación, colaboración e criterios para a asignación dos asuntos a informar entre os comités clínicos de Galicia.

III. TRÁMITACIÓN DO PROXECTO

O texto normativo conta cos seguintes informes e trámites cubertos, entre os que se atopa a documentación establecida con carácter xeral no artigo 41.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro:





1. Memoria xustificativa técnica, do 11.09.2019
2. Memoria económico-financeira, do 11.09.2019
3. Resolución do Conselleiro de Sanidade pola que acórdase iniciala tramitación do proxecto de orde, do 24.09.2019
4. Táboa de vixencias, do 27.09.2019
5. Informe do Servizo Técnico Xurídico sobre o proxecto de orde, do 27.09.2019
6. Acordo de aprobación como proxecto de orde, do 01.10.2019
7. Resolución do Secretario Xeral da Consellería de Sanidade, pola que acórdase a publicación do texto do proxecto no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia, así como que non se someta a trámite de audiencia pública, do 01.10.2019
8. Informe da Secretaría Xeral de Igualdade, de impacto de xénero, do 04.10.2019
9. Informe da Dirección Xeral de Planificación e orzamentos, do 09.10.2019
10. Informe da Asesoría Xurídica da Consellería de Sanidade, do 15.10.2019

A tramitación do proxecto de orde foi obxecto de publicación no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia, aos efectos de dar cumprimento á previsión contida no artigo 9.c) da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O texto da norma sobre a que se informa, non foi obxecto de información pública, xa que de acordo co previsto no artigo 42.6. da Lei 16/2010, do 17 de decembro, "*Non será necesaria ningunha forma de audiencia ou información pública no caso de anteproyectos puramente organizativos.*"

IV. INTEGRIDADE DO TEXTO

O proxecto normativo examinado consta dunha parte expositiva, na que se recolle o seu obxecto e finalidade, e á que se engaden dez artigos, unha disposición adicional única, unha disposición derogatoria e unha disposición final única, coa estrutura e contido seguintes:

Artigo 1. Obxecto

Artigo 2. Natureza e funcións dos comités

Artigo 3. Especialistas titulares dos comités

Artigo 4. Especialistas suplentes dos comités

Artigo 5. Principio de presenza equilibrada

Artigo 6. Prazo de actuación dos comités

Artigo 7. Organización e funcionamento

Artigo 8. Coordinación e colaboración entre os comités clínicos de Galicia

Artigo 9. Asignación de solicitudes de IVE entre os comités clínicos

Artigo 10. Uso de medios electrónicos

Disposición adicional única. Efectos sobre o gasto público

Disposición derogatoria. Derrogación normativa

Disposición derradeira única. Entrada en vigor





V. LEGALIDADE, ACERTO E OPORTUNIDADE

Revisada a documentación que integra o expediente para a tramitación do devandito proxecto normativo, resulta acreditada a súa adecuación aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade e eficacia, tal e como se require no artigo 37 a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

Mediante o establecemento dos dous comités clínicos, sometidos a unha regulación común nos termos anteriormente indicados, queda plenamente xustificada a adecuación desta orde aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, e eficiencia regulados na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

De conformidade con todo o anterior, e tendo en conta os aspectos analizados, o texto proposto reúne os requisitos legais recollidos na normativa de aplicación examinada anteriormente, así como os de oportunidade esixibles, polo que se emite a seguinte **PROPOSTA**,

Informar favorablemente este proxecto de orde conforme a súa legalidade.

Santiago de Compostela,

A Subdirectora xeral de Réxime Xurídico e Administrativo

Laura Recacho Rivas

O titular da Secretaría Xeral Técnica, logo de ver a proposta da subdirectora xeral de Réxime Xurídico e Administrativo da Consellería de Sanidade, considera que o proxecto de orde sometido a informe se axusta á legalidade vixente, polo que o informa favorablemente (artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Santiago de Compostela,

O secretario xeral técnico

Alberto Fuentes Losada

